

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2023/G007/000010**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a relación de expedientes concluídos asinada polo secretario xeral do Pleno en data 21 de xullo de 2023 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **xoves, día 27 de xullo de 2023, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/79 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 17 DE XUÑO (CONSTITUTIVA), 26 DE XUÑO (EXTRAORDINARIA PARA O SORTEO DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS) E 26 DE XUÑO (EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN) DE 2023, RESPECTIVAMENTE. Exp. 2023/G004/000637.

A) PARTE RESOLUTIVA

DESENVOLVEMENTO LOCAL

2/80 ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á "ASOCIACIÓN REDE INNPULSO (ARINN)".

INTERVENCIÓN

3/81 SUPLEMENTO DE CRÉDITO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO (1/2023) POR IMPORTE DE 3.111.110,58 €

4/82 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 9/2023. REPARO 24/2023.

5/83 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 10/2023. REPARO 25/2023.

6/84 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 13/2023.

FOMENTO

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4199696383439854973.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-7-2023

7/85 RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), BASEADA NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.

CULTURA

8/86 CREACIÓN, DETERMINACIÓN DE FUNCIÓNS E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE FESTAS.

PROPOSICIÓNS

9/87 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 135/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MELLORAR OS PROXECTOS DE EXECUCIÓN CORRESPONDENTE Á INICIATIVA "CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS" NO QUE ATINXE ÁS PRAZAS DE SANTO DOMINGO E DO FERROL (Exp. 2023/G004/000616).

10/88 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 136/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REACTIVE E ACTUALICE O CONSELLO LOCAL DE SERVIZOS SOCIAIS E SE CONSTITÚA UNHA COMISIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN PACTO INSTITUCIONAL RELATIVO Á PLANIFICACIÓN E ATENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS (Exp. 2023/G004/000617).

11/89 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 137/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O "ARDE LUCUS" TEÑA DATA FIXA (Exp. 2023/G004/000618).

12/90 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 138/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE POÑA EN PRÁCTICA O ACORDO MARCO SOBRE O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA (Exp. 2023/G004/000619).

13/91 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 157/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CENTRO DE SAÚDE DE NADELA (Exp. 2023/G004/000621).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

14/92 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE ABRIL DE 2023, RECOLLIDOS NO

LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2023/G004/000593).

15/93 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 6005/2023, DO 30 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO Á CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2023/G004/000584).

16/94 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 2/349 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XUÑO DE 2023 DE DESIGNACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL (Exp. 2023/G004/000585).

17/95 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 6017/2023, DO 30 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO Á ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS A MEMBROS DA CORPORACIÓN (2023/G004/000597).

18/96 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 65072023, DO 20 DE XULLO DE 2023, RELATIVO Á COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO E DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES/AS E VICEPRESIDENTES/AS DELAS (Exp. 2023/G004/000657).

INTERVENCIÓN

19/97 DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN TRIMESTRAL (4º TRIMESTRE 2022).

20/98 DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN TRIMESTRAL (1º TRIMESTRE 2023).

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

21/99 DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DAS QUEIXAS E SUXESTIÓNS PRESENTADAS DURANTE O ANO 2022.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 163/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á REPARACIÓN DAS ZONAS DE XOGO INFANTÍS DE DIVERSOS BARRIOS DA CIDADE.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 164/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ACTUALICE PERIODICAMENTE A INFORMACIÓN INSTITUCIONAL CUMPRINDO A LEI DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4199696383439854973.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-7-2023

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 165/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A REPARCELACIÓN DE DÚAS FINCAS CO OBXECTO DE FACER UN NOVO CAMPO SANTO EN COESES.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 159/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COS DANOS NA PONTE ROMANA.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 160/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS.

C) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 161/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CONTRATO DE ELABORACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM O URPI-58.

D) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 162/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA NEGOCIACIÓN PARA CAMBIO DE PARCELA DE EDIFICACIÓN DAS VIVENDAS SOCIAIS PREVISTAS NO CASTIÑEIRO.

Notifíqueselles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.